

163

A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» en Galicia
e nas suas colonias

ANO MCMXXII



Decálogo do Nacionalismo Galego

- | | |
|---|--|
| I
Autonomía de Galicia. | VI
Sustantividade do dereito fo-
ral galego. |
| II
Autonomía municipal. | VII
A terra para os que a traba-
llen, e libre de gravames. |
| III
Co-oficialidade dos idiomas
galego e castelan. | VIII
Repoboación forestal forzosa. |
| IV
Igualdade de dereitos civís e
políticos para a muller e para o
home. | IX
Entrega á propiedade parti-
cular das terras incultas do Es-
tado. |
| V
Representación proporcional
e non elixibilidade dos que non
rindan función útil para a colec-
tividade. | X
Libre cambio. |

PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pe-
setas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos—Pagos adiantados

Redacción e Administración: Praza María Pita. 17. baixos. A CRUÑA

Ford

EL AUTOMÓVIL UNIVERSAL


Prezos actualmente en vigor

		PESETAS
VOITURETTE	para 2 pasaxeiros, aberto, con arranque	5.470
VOITURETTE	» 2 » » sin »	5.100
DOBLE FAETON	» 5 » » con »	5.725
DOBLE FAETON	» 5 » » sin »	5.350
SEDAN	» 5 » (coche pecho con arranque)	9.080

Chassis

común

Ptas. 4.080



Chassis

camión

Ptas. 5.065

Estos prezos enténdense bordo Cadiz con dereitos de Aduanas pagados

Camiós e coches de todos os sistemas, sempre en existencia para entrega inmediata na Cruña

LUIS GRANADOS
AXENTE

Oficina, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóbiles

Payo Gómez, 5 A Cruña **Teresa Herrera, 6**

DIRECCION TELEGRÁFICA: LUGRAFORD

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VI — NÚMERO 163 — 15 MAIO 1922



Francisco Tettamancy Gastón

¡Fai un ano! Tal día como hoxe caeu para non erguerse xa mais, un home todo alma e corazón, todo sentimento e amor para os seus e para a súa terra.

¡Un ano! ¡Un nada na inmensidade do Tempo e un século para os que xa solo vivimos de recordos!

¡Pobre Tico! Se poideras erguel-a cabeza e viras que, fóra d'uns cantos, moi poucos, os que se intitulaban os teus amigos e aqueles que mais favores che debían, e eran lexión, tiñan de te esqueceren tan de presa, a mais fonda das tristuras ferira amargueiramente o teu corazón dorido xa decote.

Non houbo para ti os homenaxes póstumos que a adulación ten a vau para os poderosos; mais en troques perduran os laios d'aqueles que verdadeiramente te amaban e o teu nome rexurdirá e perdurará no tempo mentras o dos outros será cal lóstrego fuxitivo que tan só brila cando rachan as trebas da noite os seus fulgores.

Mais tarde ou mais cedo o teu pobo natal ten de se recordar da obriga de che rendil-o tributo de que a tua boa memoria é merescente. Os propios fillos dos que hoxe solo tiveron para ti esquecementos, han repararen a inxusticia que cometeran os seus pais.

O día da reivindicación e dos agradecementos chega sempre. Os que coma ti loitaron pol-a engrandecimento e pol-a gloria da meiga cidade en que se arrolou teu berce, que esperen: eles teñen de seren rememorados cal se o merecen. De non, non haberá xusticia na terra.

*Conña nos bós e xenerosos e perdoa a todol-os ingratos.
¡Descansa en paz!*

Como se fai un pobo

Lecturas

Foi na vella patria de Hamlet.

Do 1878 ao 1880 houbo en Dinamarca unha crise agrícola. O país vivía da exportación do seu trigo; mais a concurrencia estranxeira, fixo que baixaran os prezos. O Goberno daquela intentou unha política proteccionista; mais cousa estrana, trinta mil agricultores daneses, firmaron a seguinte proposta: "Nós, labregos daneses non queremos un dereito de importación sobre dos graos. Non desexamos encarecer con medidas artificiais, o pan dos nosos compatriotas." E os agricultores daneses, con unha seguridade e unha rapidez asombrosa, cambiaron a súa produción. E nos trinta derradeiros anos, apareceu a poderosa industria leiteira e gandeira. Sabido é que Dinamarca envía a Inglaterra e a suas colonias, verdadeiros montes de manteiga.

Dous factores permitiron isto: o sistema cooperativo e o instrumental máis perfecto. Os propietarios, orgaanizan-se en cooperativos de produción e exportación; por tanto, no país erguense leiterías modelo que recollen a produción d'unha parroquia ou comarca. A maquinaria que se emprega é a máis perfecta e tamén os máis perfectos procedimentos científicos de análise de esterilización e pasteurización. Os labregos administran por si mesmo e sabiamente as cooperativas. anos. Hoxe existen máis de setenta. Unha "Escoua superior", (Volkshøjskolen), que funcionan en Dinamarca dende sesenta anos. Hoxe existen máis de setenta. Una "Escola superior" se funda: por unha parte c'un grupo de labregos que queren instruírse, por outra c'un profesor de Universidade, un pastor ou un mestre d'escola que saiba falar ao pobo: aínda se siguen creando "Escolas superiores" obedecendo ao impulso de cultura do pobo dinamarqués.

E aquí como sempre, encontramos un home xenial que dá o primeiro paso partindo da súa inspiración xenerosa. Este foi, a personalidade máis popular nos países escandinavos, Grundtvj, reformador relixioso, historiador, poeta educador a quen hoxe se chama o "Profeta do Norte". Propulsou o rezaudimento nacional e relixioso, insinou ao seu pobo a súa historia e a súa fala, deulle a conciencia da súa personalidade étnica e o orgullo do seu pasado.

En 1832 no prólogo da súa "Mitología do Norte" espuxo por primeira vez a idea da súa "Escola nacional"; esta xurdiu no 1844—seu fin era: unha instrucción viva, moderna, nacional; elevar as clases inferiores á vida do espírito e facer comulgar a nación nun mesmo ideal. A cultura dos adultos debe ser enteiramente desinteresada e non preparar para ningunha carreira na súa escola, a que él chamaba universidade para o pobo, non hablan nin exames nin títulos! O rei prometteulle apoio; mais d'all a pouco o rei morreu. A escola debía non ser d'arriba senon d'abaixo e así no canto d'unha universidade xurdiron as "Escolas campesinas". No 1864 o movemento faise máis forte. Dinamarca soubo compensar as perdas territoriais sufridas na guerra con Prusia e Austria aliadas, traballando as gándaras de Jutlandia que equivalían ao perdido Siernie (Hoxe en parte recobrado). (1)

Non é certo que todo o anterior é un bon modelo para Galicia?

Novo espiritualismo

: : **Boutroux** : :

O gran filósofo francés Boutroux acaba de morrer. "A Tribuna" do Porto, (26 Abril 1922) publica un traballo seu "O Futuro do pensamento humano", que tamén publicou "El Sol", de Madrid. É unha defensa do espírito, e unha chamada a unha nova época, superadora do triste materialismo dos nosos tempos. "Se o espírito se conserva vivo e vigoroso o máis verosímil é que o día en que aperceba que a súa existencia está ameazada pol-a invasión progresiva de materia, se alzaré en quen aspire sinceramente a representalo e achará en si mesmo forza bastante para incorporarse e aspirar a unha nova vida." E continúa: "Hoxe máis que nunca é preciso que a vida material e moral do home se subordine á vida espiritual." E para o espírito certamente, afirma Boutroux de'xa a cencia actual espazo libre.

A obra social de Leonardo Coimbra

O ilustre pensador portugués realiza no seu país unha labor social portentosa. Sua palabra chea de poesía e sabiduría dirixe-se tanto aos comicios políticos como a todas aquelas reunións en que o motivo central é un interés elevado. Sempre, iluminando e ennobrecendo! Non é esta a verdadeira labor de consagrado á filosofía? Na festa en honor do actor Chaby Pinheiro, realizada no teatro Sá da Bandeira pronunciou un discurso, que nun tesouro de imaxes expresa as máis belas ideas. E a nota espiritualista aparece de novo: "De novo separados ao longo do fio de luz que é a esencia de nossas almas até ao coração da vida, voltaremos a cantar sob o Sol do Amor, a grande esperanza de que a vida espiritual vinda do invisível ha-de inundar e cubrir inteiramente a "banalidade" e o "materialismo" que hoje nos tapa a visão do Ceu!" E d'este espírito que Leonardo quixera ver chea a arte!

López Vieira-En demanda do Graal :

Libro delicado do gran poeta cuxa orientación nos di o autor mesmo con estas palabras: "Aos portugueses que não saiban lér e sejam a última gente primitiva e cristiã da nossa terra, e ao escol de espíritus que leram tudo e sintam o exilio na amada patria ofrego, dedico e consagro estas paginas que exaltem o noso lirismo e onde o máis humilde dos poetas buscou contribuir para reaportuguesar Portugal; tornando-o europeu, procurando através da selva escura, salvar tamén a súa alma." O libro está constituido por unha serie de trabalios que tratan de afondar na alma portuguesa. Un d'eles é unha garimosa lembranza de Galicia (A GALICIA), "madre e irmá" de Portugal, lembranza a que todos os galegos quedaremos recoñecidos e que nos invita a unha colaboración cultural estreita cos irmáns de alen-Miño.

NOS - Núm. 10 - Ourense, 20 Abril 1922

Este número da cultísima revista que con tanto talento dirixe o noso querido irmán e sabio catedrático V. Risco, su-

(1) Os que se interesen vexan: Revue Pedagogique.—Paris.—Septembre 1922.

para a todos os anteriores: Unha portada de Castelao, insuperable: Do meu diario (impresións de viaxe. París), de Castelao tamén: Conferencia inaugural da exposición Lamas (en Ourense), por Euxenio Montes; Conferencia de clausura da exposición. Castelao (tamén en Ourense), por Noguerol; Un dibuxo de Lamas; Dibuxos de Camilo Díaz, con versos de Faibo; Angaforte, por Xullo Prieto; Política arancelaria; Sección Arqueolóxica; Os homes os feitos, as verbas. Abonda coa onumeración xa que a lectura da revista é un deber de todo galego!

AS ROLADAS - (Folla dos rapaciños galegos) - Madrid : : Maio 1922 : :

Aparece o primeiro número d'esta publicación que firman: O Marqués de Figueroa, Leonardo Rodríguez, Prudencio Rovira, M. Portela Valladares, Antonio Palacios, Vicente Risco, W. Fernández Flórez, A. Castelao e o fundador d'ela, o noso gran poeta R. Cabanillas.

Vai dirixida aos rapaciños e aspira a que estes formen pequenas asociacións ou "Roladas" (cal os paxaros que deixan o niño) ras que se cultive o amor a Galicia e o sentimento racial.

"As Roladas" serán, cando menos, cinco rapaciños irmáados, e traballarán con todo amor e vontade en recoller notiñas e apuntes sobre da toponimia e o folk-lore de Galicia e, en xeneral, no que teña interés e relación coa cultura galega.

O irmáado na "Rolada" debe por toda a forza do deseio en conquistar o seu perfeccionamento e axudar ao dos mais, levando sempre por diante que é fillo de Deus e cidadán de sempre sinxelo, agarimoso, limpo de corazón, leal e nobre; Galicia, os dous títulos de mais outo valer no mundo; en dexamais nin para ben nin para mal, faltará á verdade; será sempre sinxelo, agarimoso, limpo de corazón, leal e nobre; non fará nunca traición ao amigo nin ao enemigo; axudará a erguerse ao que caia e porá en camiño ao que non seipa onde se encontra, e terá en todo instante a palabra disposta a defender a nosa terra con amor de fillo e convencimento de alma e sin aldraxe para ningunha outra".

O número que temos presente redactado por Cabanillas, é unha proba de que o noso espírito lírico, delicado e fundamentalmente relixioso, rexurde cada día con mais forza. "Contra do odio, da vinganza e da inxusticia, compre somentes mostrar o noso amor e semental-o. O amor frocecerá sobre das malas herbas". Nestas palabras se condensa toda a tendencia fecunda, que nos levará a nós mesmos, e con isto a libermos e a renacer a nosa vida.

Ao gran poeta e mais aos seus colaboradores, que agora emprenden tan boa obra, enviamos o mais agarimoso e fraternal saúdo.

Toda a correspondencia debe dirixirse a RAMON CABANILLAS.—Aduana, 35-2.º—Madrid.

Anúnciase vostede en

A NOSA TERRA

Do poeta da raza

MEUS IRMANS

Follia murcha no vento
revoando sin parar,
ceco de copra lonxana
que resoa no pinal,
estrela tola que a tombo
pol-o ceo adiante vai...
¡como vós vou pol-o mundo
sin saber onde iréi dar!

Raiola de sol que morre
nas verdes augas do mar,
xirón de brétema escura
que cobre o froldo val,
verso doente de salmo
pue chora fondo penar...
¡raiola, xirón e verso,
todos sódes meus irmáns!

R. Cabanillas.

En poucas verbas

Os reos de Sabadell tiveron aínda na derradeira hora da súa vida un rasgo de cidadanía.

Pidíron que a súa sentencia fose traducida ao catalán, por estar redactada n'un idioma para eles extranxeiro.

Foron cataláns até a morte.

¡Así se fai Patria!

Mentres outros contrán a grave responsabilidade d'embrutecer ao pobo con esóticas "becerradas", as Irmandades laboran pol-o noso rexurdimento espiritual. Non con palabras; con reito combatimos á barbarie que intenta asoballarnos. E noso triunfo é seguro. Vigo, a cidade d'un mais brillante porvir en Galicia non ten nin quere tér praza de touros.

¡Cando os galegos se convencerán que para escribir o seu idioma é preciso estudalo e non inventalo?

Con motivo de se debe decirse Cebreiro ou Cebreiro algúns intentaron unha crítica do arqueólogo señor Castillo. Mais algo hai evidente e isto é que a labor enorme que, gracias ao seu talento e á súa enerxía o señor Castillo leva feito pol-a rosa historia artística, é merecente de recoñecimento de parte de todos os fillos de Galicia. Discutir se debe de dicir Cebreiro ou Cebreiro é o mesmo que discutir se se debe dicir La Coruña ou A Cruña, según no idioma en que se escriba.

O noso querido colega "La Zarpa" de Ourense (que isto sexa de pasada, é o único xornal da nosa terra onde teñen garimosa e libre acollida total-as arelas nacionalistas) non

artigo defendendo o emprego da nosa fala, di o seguinte: "El uso de nuestro idioma puso de manifesto esta otra cosa: que se puede hablar en gallego y ser persona culta."

Estimando no moito que vale a opinión do colega pol-a boa intención que encerra, endebeñ a non podemos suscribir porque nos parece un anaeronismo do século pasado. Xa non estamos en tempos de demostrar que sexa persoa culta, e que fala o galego; hoxe habería que demostrar que son persoas cultas os galegos, que non se atreven a falar a súa fala. Nós honradamente entendemos, e a realidade danos a razón, que non son persoas cultas, n-un senso trascendental e creador que non poden ser-o aqueles galegos que inda teñen que empregar unha lingua extranxeira para a expresión dos seus valores espirituais.

Florilexio

A Saudade

O sentimento mais fondo e enxebre da raza galega é a Saudade. Somentes porque este sentimento ten o seu niño mais amado na nosa Alma, os galegos somos d-unha casta sin mescolanza, sin confusión, no medio das demais do mundo. Todo-os galegos nacemos con este tesouro dentro do peito. Hai irmáns nbsos que non se decatan d-elo: é porque os probiños inda non afondaron como é debido nos seus corazóns. Hai homes de outras razas que non dan creto a esta verdade: é porque lles foi negado ese don divino, e os ollos da súa alma están pechados para recrearse na fermosura de esta fror do ceo.

A Saudade é un camiño de perfeición ao través da alma galega: ese camiño escomezou no primeiro galego que conquiréu a plenitude do sentimento racial e morrerá c-o derradeiro galego que alente sóbre da Terra.

A Saudade é a Lembranza do Pasado amostrándonos o que levamos dentro de nós por herdo dos nosos país, dos nosos abós e da Terra de que fomos feitos, e, ao mesmo tempo, é a Espranza no Porvir que nos pendura d-unha arela docísima, d-un deseio nunca satisfeito de conqurimento do Alén, de acercamento á Divinidade.

A Saudade está tecida de Amor; amor ao que xa foi e amor ao que inda ten de ser. Por esto, os galegos vivimos unha vida longa; vivimos no que xa pasou e vivimos e viviremos no que veña dimpóis de nós.

Dentro do curtos e velaiños que son a vida e o mundo, os galegos somos donos e señores da maior morea de Eternidade.

O suor do labrego

Cuando vexas pasar un labrego, descóbrete.

O mais outo, o mais dino de reverencia que hai sóbre da Terra é o suor do traballador da terra.

Os libros sagros falan do suor nos dous instantes cumes da historia da Humanidade: na hora do Pecado e na hora Redención. Cando o home pecóu, El Señor, ao marcarlle o seu destino, díxolle que tería de ganar o pan c-o suor da súa frente. Cando Cristo Noso Señor arremataba o traballo divino da redención do home, pra libertalo do pecado, suóu na cruz.

Si o sangue fai latexar o teu corazón é porque o labrego súa.

Si a tua carne se renova e purifica é porque o labrego súa.

Si os teus hosos se alongan e enfortecen é porque o labrego súa.

O suor do labrego é o pan. E o pan é a ledicia do fogar. E o pan é a vida.

Ten presente que na vida terreal poderíamos vivir sin merceiros, sin homes de curia, sin minciñeiros, sin soldados; sin labregos, non. Un esgrevio escritor da nosa raza deixou estas verbas: "Todo o pode ñorar o home sin perigo da vida menos o tempo da sementeira do trigo." Outro grande home dos nosos días, o poeta indio Rabindranath Tagore, tecéu unha oración con verbas d-este xeito:

"Dios está alí onde o labrego cava a terra, alí onde pica a pedra o canteiro; está a carón d-eles, no sol e na chuvia, e-o traxe cheo de pó. ¡Baixa c-o teu Dios á terra poeiranta! ¡Él está sempre e para sempre xunguido a todos nos! Sae do teu embobamento! Vai ao seu encontro, ponte a carón d-Él e traballa ¡e que a tua testa súa!"

De "As Roladas".

Soneto

Da miña linda nena relembrando
A figura gentil e magestosa,
Co'a longa trenza d'ouro tan sedosa,
Estantío me quedo cavilando.
Paréce-me que a vejo andar pasiando
Pol-a húmeda praia deleitosa
Como a vira naquela hora ditosa,
A primeira en que a estiven contemprando.
Sempre diante dos ollos ma imagino,
Que unha vella ilusión á sí me leva
Enchéndo-me d'amor, e humilde a adoro;
Mas conociendo logo o meu destino
Que o ánimo c'o engano non se atreva,
Fai-me dar-lle un tributo en doce choro.

Florencio Vaamonde.

Follas do meu diario

Un ano mais de vida.

Un ano mais, e as Irmandades siguen sendo as fortes columnas, que manteñen o tempo sagro do Ideal Nazonalista.

* * *

Hoxe sirto cobizas de rezar.

E eu qu'xera que a miña oración fora como un canto guerreiro que as miñas verbas rachasen o ar, e-on fronte d'un crarín de loita
Mais eu non son poeta nin paxaro.

Non sei cantar.

* * *

Eu diría a miña oración axionllado diante do altar da miña Patria...

Pousada a miña fronte no colo da terra nai...
Lembraría o seu pasado; choraría o seu presente; e en
estrofas tecidas de amor e rebeldía, cantaría ao sol brillante
do porvir.

¡O sol que xa alumea as almas fortes!
¡O so. da Independencia, Patria miña!

Mais eu non sei cantar...

¡Quen poidera —como o pequeno servio do conto de An-
driev—cantar a cantiga da Patria escravizada!

¡A cantiga de sons suados e salvaxes, que precen saldos
das gorxas da nai Terra!

Mais eu non sei cantar.


E aínda que en ningures deixei de comprenderte Patria
miña; aínda que sempre te ameí, teño de decirche como Chis-
Jacov!

¡Patria miña perdóname!

¡Patria, son todo teu!

¡Porque eu non sei cantar!

F. ABELAIRA.



MANUEL MURGUÍA

O día 17 do corrente mes de Maio cumpre os seus 89 anos o
ilustre cronista de Galicia.

Na súa gloriosa ancianidade cábelle a satisfacción de vere como
os nobres e xenerosos desexos da súa alma de patriota, chegaron a cris-
talizaren e a Galicia de hoxe è outra Galicia ben distinta de aquela
que coñeceu nos comezos da súa vida e á que ofrendou todol-os seus
amores o Patriarca das letras galegas.

N-este día enviámoslle, cos nosos mais respetosos saúdos, a en-
horaboa mais compreta pol-o próximo trunfo de aqueles ideás pol-os
que veu traballando sen esvaimentos durante a súa longa eistencia.

¡Queiran os Ceos lla conserven hasta o día feliz, no que as rei-
vindicaciós de Galicia, pol-as que tanto e tan duro loitou, sean coroa-
das pol-o éisito definitivo!

Poderan as cadeas...

Para Luís Peña Novo.

Poderan as cadeas
agrilloal-os peitos,
encol dos rejos corpos
gravitaran-os ferros,
os brazos, apreijados
pol-o asoballamento,
inermes e cinguidos
p'ra os varudos intentos,
serán injustamente
submetidos e opresos.

Mail-as outas ideas,
os sagros pensamentos,
ninguén pode cinguil-os,
ninguén pode contal-os: nin Deus mesmo.

Poderan-os escuros
d'injusticia famentos,
asoballal-as almas
no ruín choemento;
e sobre das concencias
deixar sentil-o peso
brutal da *lei* sin Lei
que estoumiña o Dereito
entre as paredes mouras
do miserable encerro.

Mail-as outas ideas,
os sagros pensamentos,
ninguén pode cinguil-os,
ninguén pode contal-os: nin Deus mesmo.

Oh nobres luitadores
dos meus garridos eidos!
C'os nosos peitos fortes
fundidos n'un so peito,
s'hai que cair cahiamos
crebando o duro ferro,
e no chao benamado
deixemol-o regueiro
de luz de Libertade,
e na abirta, a semente do Dereito.

Poil-as ideas santas,
os sagros pensamentos,
ninguén pode cinguil-os
ninguén pode contal-os: nin Deus mesmo.

Victoriano Taibo.

O Teatro galego trunfa

Estreno da comedia "Trebón"

O día 2 en Santiago e o 6 na Cruña, subiu por primeira vez ao taboado escénico a comedia dramática "Trebón, orixinal de D. Armando Cotarelo Valledor, catedrático da Universidade compostelá.

Ao seu estreno asistiu unha representación da Irmandade da Fala, na Cruña, que ocupou un palco do teatro enxeirado coa nosa bandeira. A comisión levou tamén á Santiago o nomeamento de Irmán de Honor para o Sr. Cotarelo, como homenaxe de agarimoso agradecemento ao ilustrado literato que poñendo o seu talento e a súa cultura ao servizo da nosa fala, é merecedor do amor que coma irmán verdadeiro inspira en cantos sentidos arelas de redención para a nosa Terra.

Non hamos a cer agora a crítica de TREBÓN, xa que todos os diarios das cidades onde foi representada faláron dela oportunamente; só nos move a escribir estas ringleiras a impresión que a peza nos produxo no tocante á presentación.

N-efecto, poucas veces vense obras galegas tan perfectamente interpretadas: é que a cultura é base indispensable para a comprensión das figuras que han ser representadas, para que o actor poida revestilas co espírito que lles corresponde, facendo dos personaxes creados pol-o autor seres reais que se moven con naturalidade no ambiente preciso.

Outra cousa importantísima na presentación d'unha obra é o decorado. Así aquela eira do primeiro acto en culto fondo víanse os picutos dos montes irtos e pedregulentos; a sala do reitoral do segundo, e o adro da igrexa enfrontado pol-a vella casa señorial en cuto lumiar campea o escudo fidalgo dos villos fundadores; que se admira no terceiro acto, tan maxistralmente pintadas por Camilo Díaz, producen unha sensación agradable, de caudosa pracidade, que contribúe moito á facer simpática a acción.

E certo que por moi fermoso que sexa o decorado se unha obra é mala, como mala será rechazada; mais é certo tamén que unha obra boa gustará mais cando a interpretación é discreta e o decorado apropiado, porque d'esta maneira pódese apreciar mellor as súas belezas.

Este é o caso de TREBÓN. Interpretada por intelixentes escolares e cultas señoritas que deron vida aos respectivos papés, porque estudaron o carácter, a "alma" de cada figura, e porque souperon decalarse dos sentimentos que en cada momento, en cada situación da obra, remulñaban nos seus cerebros e apreixaban coa anguria os seus corazóns ou facíanos rebuldar de ledicia, o público puido seguir a trama con todo o interés e con toda a emoción que as escenas espertábanlle, e así, por veces, salisfelito, entusiasmado, apraundia con quenlura a actores e autor.

Así resaltou con todo o esplendor da súa beleza a fermosa comedia; así poido chegar aos ouvintes toda a observación, toda a gracia da escena en que o yello Cibrán concerta con Don Andrés o casamento; así poidemos admirar a escena en que o Tralo relata como viu ao pé da fonte a namorada parexa; e a outra onde os dous noivos fálanse con todo o entusiasmo do seu querer; ou aquela do terceiro acto cando as dúbidas ameazan romper o concertado casamento, e todas, nunha verba, que en todas elas hai naturalidade, emoción, poesía, beleza.

Pol-a súa cultura noutrora triunfaron como intérpretes Sánchez Miño, Jambrina, Xulia Anguita; así triunfan agora estes rapaces estudosos e nobres, que puxeron o seu talento e o seu entusiasmo ao servizo do Teatro galego.

As señoritas Olimpia Valencia, Mercedes Aller, Margarita e Anxela Deulofeu, Rovira e Fernández, e os Sres. Romero Cerdeiriña, Posada Curros, Díaz de Ortega, Pando, Noguero, Rivas, Prieto, Tafall e González, son merecentes de todo o noso recoñecemento.

Xermán Prieto fixo unha verdadeira creación do vello Cibrán, imposible de superar; González, no seu difícil papel do Tralo gustou moito, demostrando que ten unhas condicións de actor admirables; e todos, todos fixeron unha labor dignas maoras loubanzas. ¡Oh! ¡qué diferenza hai entre estas señoritas santiguesas, estes rapaces distinguidos que laboran pal-a arte da súa Terra e esas outra señoritas e señoritos das demais vilas galegas que poñen todo o seu empeño en representar chulaperías!

E non se diga que é por falta de obras representables, por escasez de boas comedias galegas. Certamente que máis abundan as obras de escaso valor escritas sómente para entreter un momento o público que gusta de se rir, e quizais tamén porque a maioría dos actores galegos estudan pouco e casi sempre escollen para representar obras que á eles parécenlles graciosas porque a súa escasa cultura non sabe apreciar máis que as cousas chocarreiras, en que abundan as frases de dobre sentido, inda que o sentimento, o bon gusto e a técnica queden mal parados, e tamén porque por regra xeneral escríbese para o Teatro Galego coa mesma "ideoloxía", e sen que os autores se coiden moito nen pouco de estudar os procedementos escénicos, á maneira de ser das obras teatraes.

A pesar disto o Teatro Galego triunfa. Pouco a pouco van aparecendo algunhas obras ben escritas, que poden ser estudadas por artistas verdadeiros, en cuíos personaxes hai motivo de lucimento para o actor, e nas que o público culto, o público intelixente que gusta das cousas ben feitas, que vai ao teatro para saborear as belezas das obras e non simplemente para rir coma un parvó, pode recrear o seu espírito con satisfacción.

Maeiras, A Ponte, Sacrificio, Sabela, Alma Galega, Man

de Santiña, O Fidalgo, Estadeiña, e algunhas máis que non lembramos agora, ven a se sumar TREBON, unha das que merecen posto de honor no Teatro Galego.

Ao seu autor, que pode co seu talento e co seu prestixio, imprimir un forte avance á nosa dramática, enviámoslle coa nosa embora a rogo de que continúe traballando pol-o engrandecimiento do Teatro noso.

"O corazón d'un pedáneo"

De Leandro Carré

O domingo 30 do pasado Abril foi estrenado na "Irmandade da Fala" da Cruña, un sainete galego en un acto titulado O CORAZÓN D'UN PEDANEO do que é autor o noso querido irmán Leandro Carré Alvarellos. Encarregouse da representación o nobre cuadro da "Irmandade" que tanto ven facendo pol-o noso teatro.

A obra gustou moito. Ten escenas moi ben feitas e acusa unha vez máis as grandes condicións que o irmán Carré ten para o teatro. Desenrólase o sainete nun ambiente cómico, non esaxerado, e ten chistes moi finos e de gran intención.

Hai urha escena na que pinta o carácter socarrón dos nosos labregos d'unha maneira maxistral.

Como decimos, a obra gustou moito e o autor foi chamado ao escenario colleitando moitos e sinceiros aplausos. Tamén os intérpretes foron moi aplaudidos.

Felicítamos ao irmán Carré pol-o éxito conquistado por esta súa nova produción teatral, premiada no certame de Carubión o ano derradeiro, e agardamos siga traballando como oven facendo hasta agora pol-o cada vez máis floreciente e vigoroso teatro galego.

"Leonardo o pescador"

Tamén na Irmandade da Cruña foi representado o 7 d'este mes o drama lusitano en tres actos "Leonardo o pescador". Na fora éstrenado no mes de Abril. É un drama de gran emoción e que gustou moito. O mesmo a primeira que a segunda vez saíu o público moi compracido e os rapaces que a levaron á escena foron moi aplaudidos e felicitados.

Hotel "LA VICTORIA"

Propietario: Manuel Fernández Vázquez

Rua de San Andrés, 154-A CRUÑA

Dirección telegráfica e telefónica VICTOFER

Teléfono número 459

BOLSA do TRABALLO INTERNACIONAL
FEDERACION dos EMIGRANTES HESPAÑOLES
ASOCIACION de BENEFICENCIA

Enrique Iglesias Corral Barrio

SUBDELEGADO GENERAL NA REGIÓN NOROESTE DE HESPAÑA

A Cruña, León, Ourense, Oviedo e Pontevedra
A CRUÑA

Os viños do Ribeiro

ARNOYA FINO

Síñifican o máximu d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: **D. R. G. Alegre**

Juana de Vega, 35

LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A MELLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Xosé Patiño

Bordados Artísticos
Xogos de cama Confeccións
Equipos para noivas

San Fello, 20-Apartado, 37

Palma de Mallorca

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursaes: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para
barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitra-
nado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido
compreto para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

"Patente-Salvavidas"

O mellor para pintar os fon-
dos dos barcos. Ganou Di-
proma de Honor, Gran pre-
mio e medalla de ouro nas
Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mriambell
VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS

LIBRERÍA — PAPERERÍA
IMPRESA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —

Fábrica de Xergóns
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

EFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Mili-
tar, vapores, barcos de vela e pescadores.

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos estabre-
camentos da súa cras que mais honran a Gali-
cia. Montada con arreglo aos derradeiros adian-
tos.

Alfredo Lastres Canosa

"La Encajera Española"

Fábrica de encaixes de fio
Tecidos a man. Especialidade en
aplicacións

Exportación Ibero-Americana

Almagro (Ciudad Real)

Grandes Almacés de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓNS

Inmenso surtido en Panos da Rexión
e Estranxeiro. Confecciónanse toda crás-
prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43 - Teléfono 256

A CRUÑA

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxei-
ros Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Viuda de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Lino Pérez Mariñas

Representante e Comisionista

Rua Real, 43

A CRUÑA

Os millores viños de Xerez
son os de

Marín e Cintado

dirixirse ao representante para Galicia:

Lino Pérez Mariñas - Real, 43 - A Cruña

CERVANTES

Librería, Papelería e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

"LA SANTIAGUESA"

Gran Hospedaxe de GUZMAN

Orzán, 70 - Teléfono, 290 - A CRUÑA

Casa situada no mais céntrico da poboación
con habitacións independentes. Preto das ad-
ministracións dos coches ao ferrocarril
e a Santiago

PRECIOS ECONOMICOS

NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA É DE USO

Despachos centrás: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12
VIGO, Praza da Constitución, 12Sucursás na Cruña: Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Total-as nosas sucursás ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa coñecida.

Recíbense encargos de fora, e-espídense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandar os seus encargos.

Os viños e coñás millores
os que exporta a casa PEDRO DOMEQ de Xerez da Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.O vermouth máis selecto
de mundial e reconocida sona é o **Cinzano** (Torino).Para viños de mesa
non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores**R. López de Heredia (Haro)**

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante excrusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BÓS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (ineruida prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, BOS AIRES), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA
e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas condicións máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas.,	3	"	"
En prazo fixo de tres meses	3	"	"
Idem id. 6 meses	3 1/2	"	"
Idem id. un ano.	4	"	"
A máis prazo		convencional	

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

BANCO HISPANO-AMERICANO

MADRID

Capital: 100 millóns de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionais e estranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	â	vista.
2 1/2	por	100	id.	id.	a 3 meses data.
2 3/4	por	100	id.	id.	a 6 id.
3	por	100	id.	id.	a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionales.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade ——— Servicios directos dende o porto da Cruña

Próximas saídas **DIRECTAMENTE** da Cruña

Vapor Flandre 23 de Mayo

« Espagne 23 de Junio

PRECIOS EN CÁMARA

		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase	»	1.100	1.200
Preferencia	»	1.000	1.050
TERCEIRA CRAS.	»	600	600

A estos precios hai que añadir os impostos

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.

Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARIÑA, Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

COMPAGNIA CHARGEURS REUNIS

E

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Liña Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os maníficos vapores rápidos: a dúas hélices e de 12.000 toneladas,

DATA	VAPOR	Prezo en 3. ^a cras
15 de Mayo	ALBA ex-«Sierra Ventana»	434'60 pesetas.
12 de Junio	VILLARET	434'60 »

Prezos en cámara

	Pernambuco	Bahia	Río Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase. Ptas.			1.286		1.486	1.543
En segunda crase. »			1.135		1.135	1.135
En segunda intermedia. . . »			522		522	522

Aos precios de cámara hai que aumentar os impostos

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarta pasaxe; de cinco a dez anos, media pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteira. E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor. Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xenerás en España:

ANTONIO CONDE Fillos - Plaza de Orense, 2 - A CRUÑA

Telegramas "Chargeurs"

Lloyd Real Holandés

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RÁPIDO A AMÉRICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para **Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos Montevideo e Bos Aires,**

Vapor correo rápido **ORANIA 27 de Mayo**

Admiten carga e pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

Precio do pasaxe en 3.^a cras, **Ptas. 464'60**

NENOS, menores de 2 anos, gratis; de 2 a 5 anos, cuarto pasaxe; de 5 a 10, medio pasaxe; de 10 anos, pasaxe enteiro.

PARA PRECIOS DE CÁMARA e carga dirixirse o Agente General da Compañía en España:

D. Raimundo Molina e Couceiro, -Consignatario—Marina, 22—A CRUÑA